

B.5. MEDIO AMBIENTE

A situación medioambiental é un dos aspectos que hai que ter en conta á hora de avaliar a calidade de vida dos cidadáns e o seu benestar social. Neste senso, o incumprimento dos obxectivos intermedios da Estratexia de Lisboa pon de releve a necesidade de impulsar e reactivar os diferentes medios non só na dimensión socioeconómica senón tamén na “medioambiental”.

Os incendios forestais en Galicia seguen a ser un importante problema dende o punto de vista medioambiental. Atendendo á evolución nos dous últimos anos, as estatísticas reflicten unha nova medra do número de incendios e da superficie arrasada, manténdose a intencionalidade como principal causa dos incendios (un oitenta e un por cento dos incendios son provocados). Outra das características dos lumes forestais nos últimos anos en Galicia é a súa elevada concentración nun número reducido de concellos.

Como punto de partida, e tendo en conta que as actuacións da Consellería de Medio Ambiente no ano 2005 foron dirixidas á “promoción, protección e mellora do ambiente dentro do marco do desenvolvemento sostible”, o presuposto da devandita Consellería rexistrou unha medra do 8,6% respecto ao ano precedente, para situarse nos 353,6 millóns de euros. Ao capítulo VI, investimentos reais, destínanse un total de 113,2 millóns de euros (un 3,0% menos que no presuposto do ano anterior), e ao capítulo de transferencia de capital, 155,9 millóns de euros, un 20,6% máis que en 2004.

O **cadro 3.5.1.** reflicte a distribución dos créditos por programas da devandita Consellería, onde o 342A, protección e mellora do medio ambiente, absorbe a metade dos seus presupostos (169,3 millóns de euros). Séguelle en importancia os programas 614C, ordenación, reestruturación e desenvolvemento do sector forestal e o 422C, prevención e defensa contra incendios, que acollen o 18,4% (65,2 millóns de euros) e 17,9% (63,4 millóns de euros) do total dos presupostos da Consellería, respectivamente.

Xunto á actuación da Consellería, na mellora e conservación medioambiental tamén colaboran as sociedades públicas Sogama e Obras e Servizos Hidráulicos, cun presuposto total de 91,0 millóns de euros (un 6,0% superior ao do ano 2004) e 84,1 millóns de euros (un 17,8% máis), respectivamente. O presuposto do organismo autónomo Augas de Galicia, medrou un 7,8% respecto aos presupostos do ano anterior, situándose nos 130,7 millóns de euros.

Os presupostos da Xunta para o ano 2005 inclúen unha previsión de ingresos por gravames sobre a contaminación atmosférica, por un importe de 20,2 millóns de euros, un 4,5% superior respecto ao presupostado nos orzamentos do ano anterior.

CAMBIO CLIMÁTICO

O fenómeno do cambio climático é, probablemente, un dos principais problemas ambientais a escala global aos que se enfrontan actualmente os distintos gobernos. Para facer fronte a este problema, en 1997 cen países acadaron un acordo e asinaron o denominado protocolo de Kioto ou Protocolo sobre o Cambio Climático, que establece compromisos de redución das emisións dos gases de efecto invernadoiro, principal causa do cambio climático. Este protocolo entrou en vigor o 16 de febreiro de 2005 ao cumprirse o requisito legal de sumar, alomenos, o 55% das emisións totais (España aprobou o Instrumento de Ratificación do Protocolo o 26 de xaneiro de 2005).

Presuposto consolidado da Consellería de Medio Ambiente 2004-05: distribución por programas

	2004	2005	05/04
	(en miles de €)		(%)
342A Protección e Mellora do Medio Ambiente	162.094,8	169.349,2	4,5
341A Direccións e Servizos Xerais de Medio Ambiente	8.279,9	8.684,4	4,9
422C Prevención e Def. contra Incendios Forestais (Plan forestal de Galicia)	65.353,6	63.378,2	-3,0
432A Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	1.612,6	1.675,4	3,9
614C Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal (Plan forestal de Galicia)	59.673,1	65.153,9	9,2
441A Elaboración e difusión estatística	78,1	78,1	0,0
412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos	28.488,1	45.234,9	58,8
Total	325.580,2	353.554,1	8,6

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A.

3.5.1.
Emisións verificadas e asignacións de dereitos de emisión de gases de efecto invernadeiro en Galicia e España 2005: distribución segundo actividade

	Galicia			España		
	Asignación	Emisión	Instalacións	Asignación	Emisión	Instalacións
	(en millóns tn CO ₂)			(en millóns tn CO ₂)		
Xeración	10,98	14,08	3	89,04	104,05	78
Carbón	10,84	13,55	2	59,98	73,44	26
Ciclo combinado	-	-	0	16,61	13,29	25
Extrapeninsular	-	-	0	10,96	11,44	17
Fuel	0,14	0,53	1	1,49	5,88	10
Industria	2,48	2,29	27	68,20	65,37	586
Azulexos e baldosas	0,01	0,01	1	0,91	0,80	23
Cal	0,06	0,01	1	2,46	2,06	24
cemento	0,38	0,34	1	27,84	27,38	36
fritas	-	-	0	0,68	0,58	22
pasta e papel	0,13	0,09	3	5,31	4,75	118
refino de petróleo	1,57	1,55	1	15,25	15,46	13
sederúxia	0,08	0,08	1	8,70	8,25	29
tellas e ladrillos	0,22	0,19	18	4,80	4,10	283
vidrio	0,03	0,03	1	2,25	1,99	38
Outra combustión	1,20	0,97	17	16,00	14,17	170
Total	14,67	17,34	47	173,24	183,59	834

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

3.5.2.

O **cadro 3.5.2.** reflicte os principais resultados obtidos ao longo do primeiro ano da aplicación da lei 1/2005, de nove de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. A 1 de maio de 2005, límite máximo que establece a lei para entregar dereitos, o volume total de asignacións que cubren as 47 instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de 14,7 millóns de toneladas de CO₂. Dado que as emisións ascenderon a 17,3 millóns de toneladas, o balance negativo foi de 2,7 millóns de toneladas de CO₂. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,6% das instalacións, mentres que a porcentaxe de asignacións e emisións foi do 8,5% e 9,4%, respectivamente.

Canto á cobertura da asignación, definida coma a relación entre asignacións e emisións verificadas, esta situouse en Galicia no 84,6%, case dez puntos por baixo da media estatal. Atendendo á desagregación segundo grandes grupos de asignación, o devandito **cadro 3.5.2.** indica que a cobertura de asignación do sector eléctrico galego foi do 78,0%, (85,6% no conxunto do Estado), fronte aos 108,2% dos sectores industriais (a media estatal foi do 104,3%) e o 124,2% de “outra combustión” (112,9% en España).

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2002-04. Número de substancias contaminantes e de complexos industriais

	Substancias			Complexos industriais		
	2002	2003	2004	2002	2003	2004
Andalucía	29	27	28	332	391	391
Aragón	20	21	20	99	110	163
Asturias	14	15	19	22	25	30
Baleares	3	4	3	6	7	6
Canarias	5	4	7	13	12	22
Cantabria	24	23	22	35	35	32
Castela e León	20	23	23	191	257	266
Castela-A Mancha	nd	10	17	nd	11	83
Cataluña	26	29	36	366	343	488
Valenciana	16	16	13	66	61	35
Extremadura	11	11	11	58	54	55
Galicia	15	16	19	24	24	48
Madrid	18	23	16	39	35	42
Murcia	16	14	12	34	32	45
Navarra	17	18	19	91	92	94
País Vasco	29	32	34	107	120	114
Rioxa, A	5	5	6	10	10	11
Ceuta e Melilla	1	1	-	1	1	-
España	49	50	50	1.494	1.620	1.925

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente, Registro estatal de emisiones y fuentes contaminantes

3.5.3.

Complexos industriais contaminantes rexistrados no Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes ⁽¹⁾

A Coruña

Hijos de Rivera, S.A.
 Artabra, S.A.
 Cerámicas el Progreso
 Forestal del Atlántico, S.A.
 Cerámica Vereá
 Complexo Medioambiental de Cerceda
 Depósito de Monticaño
 Campo Brick, S.L.
 Megasa Siderúrgica
 Arteixo Química S.L.
 Alcoa Inespai, S.A.
 Repsol YPF, Complexo ind. A Coruña
 Epifanio Campo, S.L.
 J.J. Vieites S.L.
 Pol. Ind. Teixeira
 Ferroatlántica (Cee)
 Ferroatlántica (Dumbria)
 Ferroatlántica (Fábrica de Sabón)
 Vertedoiro de RSU de Piñor-Figueiras
 Planta de residuos de Nostián
 Central térmica de Sabón
 Central térmica de Meirama
 Central térmica de As Pontes
 Cremova S.L.
 Excorrigal S.L.
 Frinsa
 Cerámica Rioboo, S.L.
 Ecuris, S.A.

Lugo

Granjas Dical, S.L.
 Cementos Cosmos (Oural)
 Magnesitas de Rubián
 Aluminio Español
 Alúmina Española S.A.
 Granja Campomayor, S.L.
 Fábrica de ladrillos de Portomarín
 Avipuerto S.L.

Ourense

Compañía Española de Industrias electroquímicas S.A.
 Cerámica La Manchica, S.A.
 Cerámica Xunqueira
 Avícola de Amoeiro S.C.

Pontevedra

Grupo empresarial ENCE. Fábrica de Pontevedra
 Manuel Pazos Vidal
 Electroquímica del Noroeste, S.A. (ELNOSA)
 Frinova, S.A.
 PSA Peugeot Citroën. Centro de Vigo
 Avícola de Galicia
 Granjas Muñíos
 Ofelia Recimil García

(1) A Ley 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, recolle a obrigatoriedade de notificar as emisións ás autoridades competentes alomenos unha vez ao ano. A devandita Lei establece que as instalacións, de titularidade pública ou privada, disporán dun período de adaptación ata o 30 de outubro de 2007. Con todo, quedan exentas ou fóra da Lei as instalacións empregadas para investigación, desenvolvemento e experimentos de novos produtos e procesos.

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente, Registro estatal de emisiones y fuentes contaminantes

3.5.4.

Abastecemento público urbano en Galicia e España 2003-04: distribución segundo grandes grupos de usuarios

	2003			2004		
	Galicia	España	(%)	Galicia	España	(%)
	(en miles de m ³)			(en miles de m ³)		
Volume augua controlada e distribuída para abastec. público	236.681	4.019.615	5,9	239.245	4.042.399	5,9
Sectores económicos	44.865	933.309	4,8	58.464	969.340	6,0
Fogares	143.213	2.602.904	5,5	155.693	2.700.928	5,8
Consumos municipais	17.759	349.747	5,1	24.047	304.704	7,9
Outros	30.844	133.655	23,1	1.041	67.427	1,5
Augua perdida na rede de distribución	55.316	927.393	6,0	55.928	881.064	6,3
	(en miles de €)			(en miles de €)		
Importe total da augua distribuída	119.515	2.579.287	4,6	122.106	2.647.852	4,6
Importe total de la inversión en los servicios de suministro	7.531	317.921	2,4	3.143	393.655	0,8

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

3.5.5.

Segundo os datos do *Registro estatal de emisiones y fuentes contaminantes*, en 2004 (último ano dispoñible) continúa incrementándose o número total de substancias contaminantes en Galicia, que pasa dos 16 contaminantes de 2003 aos 19 contaminantes do último ano (50 no conxunto do Estado). Xunto a este incremento hai que salientar, **cadro 3.5.3.**, que no ano 2004 se duplica o número de centros ou complexos industriais contaminantes, situándose nos 48 centros, o 2,5% do total estatal.

Atendendo ao tipo de actividade, cómpre salientar que as instalacións de combustión de máis de 50 MW acollen o 82% das emisións ao aire, e que as refinerías de petróleo e gas emiten o 97% das emisións directas ao auga. Canto ás emisións indirectas á auga, máis das dúas terceiras partes son emitidas polas industrias de fabricación de produtos alimenticios a partir de materia prima animal.

AUGA

A cantidade de auga para o abastecemento público urbano ascendeu en Galicia no ano 2004 (último ano dispoñible) en relación ao ano anterior, acadando os 295.173 miles de metros cúbicos, o que representa o 6,0% do total estatal (5,9% no ano precedente). Pola súa banda, a perda de auga dispoñible nas redes de distribución medrou en 2004 un 1,1%, de tal xeito que nese ano perdeuse, ao igual que no ano anterior, o 18,9% da auga dispoñible.

O consumo dos fogares galegos medrou en 2004 un 8,7%, situándose nos 155.693 miles de metros cúbicos, o 66,8% do consumo total. O consumo medio de auga nos fogares galegos, **cadro 3.5.6.**, foi de 155 litros por habitante e día (171 litros de media no Estado), o que a sitúa como a sexta comunidade co menor consumo medio, tras A Rioxa (141 litros/habitante/día), Baleares e Ceuta e Melilla (142 litros), Navarra (144 litros) e Canarias (147 litros).

Na comunidade autónoma de Galicia, o prezo medio da auga por metro cúbico acadou os 0,78 euros, dezaoto céntimos por baixo da media estatal. Comparado coas outras comunidades autónomas, o **cadro 3.5.7.** amosa que as cinco comunidades cos prezos máis baixos son as de Castela e León, con 0,61 euros por metro cúbico, Castela a Mancha, con 0,63 euros, Cantabria, con 0,69 euros, Extremadura, con 0,72 euros, e Galicia, cos devanditos 0,78 euros por metro cúbico.

No que respecta á recollida e tratamento de augas residuais nas diferentes Comunidades Autónomas, o **cadro 3.5.8.** indica que en 2004 recolléronse en Galicia 1.301.748 m³ de augas residuais por día, dos que foron tratados 1.140.686 m³, o que sitúa a Galicia no quinto lugar, despois de Andalucía, Cataluña, Madrid e a C. Valenciana. A porcentaxe de augas residuais tratadas sobre o total de recollidas é do 87,6% en Galicia, cinco puntos por baixo da acadada no conxunto do Estado.

Consumo medio de auga nos fogares 2003-04

	2003	2004	04/03
	(en litros / habitante / día)		(%)
Andalucía	184	189	2,7
Aragón	169	162	-4,1
Asturias	161	172	6,8
Baleares	130	142	9,2
Canarias	135	147	8,9
Cantabria	185	187	1,1
Castela e León	168	172	2,4
Castela-A Mancha	184	179	-2,7
Cataluña	183	174	-4,9
Valenciana	163	178	9,2
Extremadura	163	178	9,2
Galicia	143	155	8,4
Madrid	166	171	3,0
Murcia	149	161	8,1
Navarra	152	144	-5,3
País Vasco	149	150	0,7
Rioxa, A	136	141	3,7
Ceuta e Melilla	139	142	2,2
España	167	171	2,4

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

3.5.6.

Prezo medio da auga nas CC.AA. 2002-04

	Prezo medio			04/03
	2002	2003	2004	
	(en € / m ³)			(%)
Andalucía	0,69	0,79	0,94	19,0
Aragón	0,62	0,66	0,82	24,2
Asturias	0,59	0,65	0,65	0,0
Baleares, Illas	1,48	1,42	1,31	-7,7
Canarias	1,67	1,68	1,64	-2,4
Cantabria	0,55	0,60	0,69	15,0
Castela e León	0,49	0,53	0,61	15,1
Castela-A Mancha	0,52	0,57	0,63	10,5
Cataluña	0,98	1,04	0,92	-11,5
Valenciana	0,78	0,83	1,20	44,6
Extremadura	0,76	0,73	0,72	-1,4
Galicia	0,61	0,62	0,78	25,8
Madrid	0,81	0,86	1,00	16,3
Murcia	1,08	1,08	1,41	30,6
Navarra	0,63	0,73	1,11	52,1
País Vasco	1,14	1,15	0,83	-27,8
Rioxa, A	0,44	0,54	0,96	77,8
Ceuta e Melilla	0,68	0,74	0,91	23,0
España	0,81	0,86	0,96	11,6

Fonte: INE, Indicadores sobre el agua

3.5.7.

Galicia sitúase coma a quinta comunidade en volume total de auga vertida, con 1.297.641 m³ por día, por detrás das devanditas Andalucía, Cataluña, Madrid e a C. Valenciana, sendo a novena comunidade con menor volume de auga reutilizada, con 4.107 m³ por día, só por diante de Navarra, País Vasco, A Rioxa, Aragón, Ceuta e Melilla, Extremadura, Cantabria e Castela e León.

Galicia aportou no último ano o 7,4% das augas residuais recollidas e 7,0% das tratadas en España, mentres que o importe total dos gastos en investimento da recollida e tratamento de augas residuais tan só significa o 1,6% (4.637 miles de euros) do importe estatal. O importe total das cotas

Recollida e tratamento das augas residuais nas CC.AA. 2004: distribución segundo clase de indicador

	Augas residuais		Volumen total auga vertida	Volumen total auga reutilizada	Gastos invest. recollida e tratamento augas residuais	Cotas saneamento e depuración
	Recollidas	Tratadas				
	(en m³ / día)					
Andalucía	2.255.714	1.996.737	2.108.494	143.990	44.179	242.715
Aragón	598.943	572.649	597.479	959	2.365	46.549
Asturias	492.322	267.259	460.658	29.480	3.303	17.538
Baleares, Illas	332.452	331.908	231.002	101.280	38.084	36.101
Canarias	270.007	209.647	188.229	81.777	3.919	47.324
Cantabria	214.285	204.618	211.508	2.715	4.827	13.210
Castela e León	1.059.772	983.050	1.051.271	3.693	2.411	47.057
Castela-A Mancha	515.283	492.724	501.655	9.193	13.560	27.349
Cataluña	2.058.393	1.960.241	2.023.024	31.062	44.702	84.293
Valenciana	2.758.162	2.502.628	2.254.968	502.809	272	210.820
Estremadura	136.601	126.298	134.418	2.103	1.466	18.445
Galicia	1.301.748	1.140.686	1.297.641	4.107	4.637	63.441
Madrid	3.685.699	3.682.051	3.602.769	82.830	62.406	158.221
Murcia	290.694	290.694	212.185	78.509	26.113	60.067
Navarra	335.704	329.649	335.704	-	12.271	30.494
País Vasco	991.548	902.268	991.457	-	7.768	96.011
Rioxa, A	284.447	284.046	284.074	335	9.403	16.776
Ceuta e Melilla	28.669	28.669	25.667	3.002	2.993	1.650
España	17.610.443	16.305.822	16.512.203	1.077.844	284.679	1.218.061

(1) Só inclúe augas residuais recollidas procedentes da rede de distribución
Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

3.5.8.

de saneamento e depuración ascendeu en Galicia en 2004 a 63.441 miles de euros, o que representa o 5,2% das cotas en España.

SOLO

Tendo en conta que no capítulo **I.E.-PRODUCCIÓN** desta Memoria preséntanse os principais datos da distribución da terra e da agricultura ecolóxica –sistema de produción agrícola e gandeira cuxa finalidade principal é ofrecer alimentos de orixe animal e vexetal da máxima calidade, tanto dende un punto de vista sanitario coma nutritivo–, á hora da análise do solo cómpre facer referencia a dous grandes aspectos: en primeiro lugar, á evolución dos incendios forestais en Galicia, así como á superficie arrasada por estes lumes e as causas dos mesmos. En segundo lugar, á hora de considerar a estrutura dos montes galegos cómpre facer referencia aos espazos naturais protexidos.

• Incendios forestais

No concernente ás principais estatísticas relacionadas cos lumes forestais, o número de conatos e incendios rexistrados en Galicia ao longo de 2005 foi de 11.973 lumes (máis dun 80% afectaron a unha superficie inferior a unha hectárea), ascendendo a superficie total queimada a 57.502,9 hectáreas. Comparado cos datos correspondentes ao ano anterior, o **cadro 3.5.9.** amosa que Galicia experimentou en 2005 unha medra do 12,8% no número de lumes (22,8% no conxunto do Estado) e un elevado incremento do 79,1% no caso da superficie queimada (un 34,0% de media en España).

Tras esta evolución, o peso relativo no total estatal dos lumes rexistrados en Galicia e a súa superficie queimada medrou no último ano ata o 45,6% e 32,0%, respectivamente. Se se ten en conta a desagregación entre superficie arborada e non arborada, cómpre salientar que o 31,4% da superficie arborada queimada en España pertence á comunidade autónoma de Galicia (19,6% no ano anterior), sendo

Incendios forestais en Galicia e España 2004-05: nº de sinistros e superficie afectada

2004

	Total sinistros		superficie afectada			
	conatos (<1 ha)	incendios (>= 1 ha)	arborada	matorral e monte baixo	resto	superficie total
(en has.)						
A Coruña	2.038	955	2.818,0	5.182,9	49,5	8.050,4
Lugo	731	312	1.515,5	4.072,7	251,1	5.839,3
Ourense	2.234	1.114	3.946,7	9.220,4	306,0	13.473,1
Pontevedra	2.758	476	1.847,9	2.868,2	19,6	4.735,7
Total	7.761	2.857	10.128,1	21.344,3	626,1	32.098,5
España	13.750	7.646	51.710,7	56.606,1	25.854,3	134.171,1
Galicia / España (%)	56,4	37,4	19,6	37,7	2,4	23,9

2005 ⁽¹⁾

	Total sinistros		superficie afectada			
	conatos (<1 ha)	incendios (>= 1 ha)	arborada	matorral e monte baixo	resto	superficie total
(en has.)						
A Coruña	2.086	555	3.210,8	6.223,5	-	9.434,3
Lugo	977	164	657,9	2.483,6	-	3.141,5
Ourense	3.630	662	10.375,6	20.051,5	-	30.427,1
Pontevedra	3.345	554	7.888,3	6.611,7	-	14.500,0
Total	10.038	1.935	22.132,6	35.370,3	-	57.502,9
España	17.163	9.106	70.379,9	104.382,5	5.088,4	179.850,8
Galicia / España (%)	58,5	21,2	31,4	33,9	-	32,0

(1) Datos provisionais.

Fonte: Consellería do Medio Rural e Ministerio de Medio Ambiente

3.5.9.

esta porcentaxe do 33,9% no caso da superficie non arborada (37,7% en 2003). Este forte incremento da importancia relativa da superficie forestal arborada ven motivada polo incremento da superficie arborada queimada en Galicia, que en 2005 foi do 118,5%, cando no conxunto do Estado foi do 36,1%.

Un ano máis, a provincia de Ourense foi a que rexistrou o maior número de lumes forestais, con 4.292 incendios (o 84,6% afectan a unha superficie inferior a unha hectárea). Séguenlle Pontevedra, con 3.899 incendios (o 85,8% son conatos) e A Coruña, que foi a única que experimentou unha caída do número de incendios rexistrados, con 2.641 lumes o (79,0% son conatos). Na provincia de Lugo, houbo un total de 1.141 incendios forestais, dos que o 85,6% afectaron a menos dunha hectárea.

Canto á superficie queimada nas provincias galegas, en 2005, Ourense acolle máis da metade da superficie total queimada en Galicia (30.427,1 hectáreas) e case dezasete de cada cen hectáreas queimadas no conxunto do Estado. Séguelle en importancia Pontevedra, que abrangue a cuarta parte da superficie queimada na comunidade autónoma (14.500,0 hectáreas).

Comparado co acontecido no ano precedente, cómpre salientar, dunha banda, o forte crecemento da superficie queimada na provincia de Pontevedra, dado que tras un incremento dun 20,6% no número de incendios forestais, a superficie queimada triplicouse respecto á superficie queimada no ano anterior. Asemade, cómpre salientar que Ourense non só foi a provincia con maior número de incendios, senón que foi a que experimentou a maior taxa de crecemento. Tras unha medra do 28,2% respecto ao número de incendios de 2004, a superficie arrasada polo lume nesa provincia duplicouse en 2005. Os datos do devandito **cadro 3.5.9.** reflicten que a provincia de Lugo experimentou unha caída da superficie queimada (46,2%), mentres que o número de incendios descendeu un 11,8% en A Coruña.

Principais concellos galegos canto ao número de lumes e superficie queimada 2005

lumes				Superficie queimada			
			(%)			(en has.)	(%)
1	A Cañiza	264	2,2	1	Pazos de Borbén	2.935,6	5,1
2	As Neves	258	2,2	2	Vilardevós	2.665,8	4,6
3	Mondariz	186	1,6	3	Cualedro	2.235,2	3,9
4	Salvaterra	186	1,6	4	Laza	2.061,4	3,6
5	Viana do Bolo	183	1,5	5	Verín	1.809,0	3,1
6	Muiños	179	1,5	6	Fornelos de Montes	1.677,3	2,9
7	A Gudiña	166	1,4	7	Manzaneda	1.547,0	2,7
8	Chandrexa de Queixa	155	1,3	8	Carnota	1.347,9	2,3
9	Manzaneda	150	1,3	9	Avión	1.217,2	2,1
10	A Mezquita	127	1,1	10	Entrimo	1.031,8	1,8
11	Pontevedra	121	1,0	11	Lousame	938,3	1,6
12	Ribeira	120	1,0	12	A Gudiña	930,1	1,6
13	Salceda de Caselas	120	1,0	13	Calvos de Randín	903,3	1,6
14	Melón	118	1,0	14	Forcarei	863,1	1,5
15	Tomíño	114	1,0	15	Viana do Bolo	853,6	1,5
16	Cotobade	109	0,9	16	Vilar de Barrio	773,0	1,3
17	Santa Comba	108	0,9	17	Mondariz	716,4	1,2
18	Ponteareas	107	0,9	18	A Merca	685,2	1,2
19	Covelo	104	0,9	19	Porto do Son	671,5	1,2
20	Forcarei	103	0,9	20	Ponteareas	660,8	1,1
21	Carballada de Valdeorras	102	0,9	21	Melón	654,0	1,1
22	Lalín	102	0,9	22	San Cibrao das Viñas	637,1	1,1
23	Vigo	101	0,8	23	O Irixo	624,9	1,1
24	Maceda	98	0,8	24	O Pereiro de Aguiar	614,2	1,1
25	Gondomar	98	0,8	25	Baltar	607,6	1,1
10 primeiros concellos		1.854	15,5	10 primeiros concellos		18.528,1	32,2
25 primeiros concellos		3.479	29,1	25 primeiros concellos		29.661,1	51,6
Galicia		11.973	100			57.502,9	100

Fonte: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

3.5.10.

Coma xa se dixo, unha das principais características dos incendios en Galicia é a elevada concentración dos mesmos en poucos concellos. Dunha banda, atendendo ao número de lumes rexistrados, os 25 concellos con maior número de incendios (o 7,9% dos concellos galegos) sufriron o 29,1% dos incendios, sendo a súa superficie queimada o 20,8% da superficie total queimada en Galicia. Se en lugar destes 25 concellos consideramos os dez con maior número de lumes (o 3,2% dos municipios), estas porcentaxes situaríanse no 15,5% e no 11,1%, respectivamente.

Doutra banda, a devandita concentración reflíctese de xeito máis claro no caso da superficie queimada. Os 25 concellos galegos con maior número de superficie arrasada polo lume acollen o 51,6% da superficie queimada en Galicia (o 17,0% dos incendios), sendo esta porcentaxe do 32,2% no caso dos 10 concellos con maior número de hectáreas queimadas (o 5,3% dos incendios).

No que atinxe á **análise da causalidade** dos incendios forestais en Galicia, dos 11.973 incendios rexistrados en Galicia no último ano, o oitenta e un por cento foron considerados como intencionados. A superficie media anual queimada por estes incendios intencionados foi de 49.688,6 hectáreas, o que implica que case nove de cada dez hectáreas queimadas o son por lumes intencionados (**cadro 3.5.11.**).

Séguenlle en importancia os lumes rexistrados por causas descoñecidas (8,9% dos lumes e o 7,8% da superficie total queimada) e os lumes por motivo de reproducións (4,9% dos lumes galegos e o 2,5% da superficie queimada).

• Espazos naturais protexidos

Un aspecto importante á hora de analizar a estrutura do monte galego é a consideración dos espazos naturais protexidos. A Lei 9/2001, de Conservación da Natureza, os define como aqueles espazos que

Lumes e superficie media afectada 2005: distribución segundo causalidade

	Número de lumes		Superficie				Total	
		(%)	Arborada		Rasa			(%)
			(en ha)	(%)	(en ha)	(%)	(en ha)	(%)
Provincia de A Coruña	2.641	100	3.210,8	100	6.223,5	100	9.434,3	100
Basureiros	16	0,6	0,7	0,0	5,0	0,1	5,7	0,1
Descoñecida	161	6,1	72,7	2,3	262,0	4,2	334,8	3,5
Reproducción	3	0,1	0,7	0,0	0,8	0,0	1,4	0,0
Intencionado	2.213	83,8	3.046,2	94,9	5.837,9	93,8	8.884,1	94,2
Neglixencia	46	1,7	8,6	0,3	23,8	0,4	32,4	0,3
Outros	173	6,6	62,3	1,9	79,0	1,3	141,4	1,5
Queima	29	1,1	19,6	0,6	15,0	0,2	34,6	0,4
Causa natural	-	-	-	-	-	-	-	-
Provincia de Lugo	1.141	100	657,8	100	2.483,6	100	3.141,4	100
Basureiros	4	0,4	1,7	0,3	0,7	0,0	2,4	0,1
Descoñecida	143	12,5	50,9	7,7	200,9	8,1	251,8	8,0
Reproducción	32	2,8	8,3	1,3	41,4	1,7	49,7	1,6
Intencionado	850	74,5	441,3	67,1	2.100,1	84,6	2.541,4	80,9
Neglixencia	19	1,7	24,0	3,7	32,6	1,3	56,7	1,8
Outros	36	3,2	113,7	17,3	94,6	3,8	208,3	6,6
Queima	12	1,1	7,8	1,2	2,3	0,1	10,2	0,3
Causa natural	45	3,9	10,1	1,5	10,8	0,4	20,9	0,7
Provincia de Ourense	4.292	100	10.375,6	100	20.051,5	100	30.427,1	100
Basureiros	1	0,0	-	-	2,4	0,0	2,4	0,0
Descoñecida	343	8,0	691,3	6,7	1.391,7	6,9	2.083,0	6,8
Reproducción	177	4,1	420,2	4,0	677,0	3,4	1.097,2	3,6
Intencionado	3.670	85,5	9.081,2	87,5	17.023,3	84,9	26.104,5	85,8
Neglixencia	52	1,2	138,1	1,3	253,3	1,3	391,4	1,3
Outros	33	0,8	43,5	0,4	219,7	1,1	263,2	0,9
Queima	-	-	-	-	-	-	-	-
Causa natural	16	0,4	1,3	0,0	484,0	2,4	485,4	1,6
Provincia de Pontevedra	3.899	100	7.888,3	100	6.611,7	100	14.500,0	100
Basureiros	4	0,1	0,7	0,0	0,2	0,0	0,8	0,0
Descoñecida	413	10,6	753,2	9,5	1.052,9	15,9	1.806,2	12,5
Reproducción	377	9,7	189,2	2,4	99,5	1,5	288,6	2,0
Intencionado	2.976	76,3	6.864,7	87,0	5.293,9	80,1	12.158,6	83,9
Neglixencia	38	1,0	16,9	0,2	5,0	0,1	21,9	0,2
Outros	25	0,6	11,9	0,2	7,0	0,1	18,9	0,1
Queima	56	1,4	39,2	0,5	142,2	2,1	181,3	1,3
Causa natural	10	0,3	12,6	0,2	11,0	0,2	23,6	0,2
Galicia	11.973	100	22.132,4	100	35.370,3	100	57.502,7	100
Basureiros	25	0,2	3,1	0,0	8,3	0,0	11,4	0,0
Descoñecida	1.060	8,9	1.568,2	7,1	2.907,6	8,2	4.475,8	7,8
Reproducción	589	4,9	618,3	2,8	818,6	2,3	1.436,9	2,5
Intencionado	9.709	81,1	19.433,4	87,8	30.255,2	85,5	49.688,6	86,4
Neglixencia	155	1,3	187,5	0,8	314,8	0,9	502,3	0,9
Outros	267	2,2	231,4	1,0	400,4	1,1	631,8	1,1
Queima	97	0,8	66,6	0,3	159,5	0,5	226,1	0,4
Causa natural	71	0,6	24,0	0,1	505,9	1,4	529,9	0,9

Fonte: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

3.5.11.

conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza coma derivados da actividade humana.

Galicia conta con oito figuras de protección, das que salientan, canto á súa superficie, a Rede Natura 2000, cunha superficie total de 369.056,54 hectáreas, e os espazos considerados coma lugares de interese comunitario (LIC), cunha superficie de 324.654,9 hectáreas. Se temos en conta que a superficie total de Galicia é de 2.957.447,47 hectáreas, a Rede Natura 2000 representa o 12,5% da superficie galega e as LIC, o 11,0%. O **cadro 3.5.12.** reflicte a superficie ocupada por cada unha das distintas figuras de protección distribuídas segundo distrito forestal

Ao longo de 2005 declarouse a Praia das Catedrais, en Lugo, coma un Monumento Natural (Decreto 11/2005), sendo a súa superficie de 28,94 hectáreas.

Réxime de protección. Distribución segundo distrito e figura de protección

	Lugar de interese Comunitario	RAMSAR	Parque Natural	Red Natura 2000	Sítios de interese Nacional	Zona Especial Protección para as Aves	Zona de Protección oso pardo	Zonas de protección en Xeral
A Coruña	45.514,4	4.708,9	10.370,3	60.584,1	611,4	3.528,2	-	4.739,3
Ferrol - Narón	23.233,4	3.726,0	9.387,4	23.985	387,4	3.429,1	-	3.726,0
Bergantiños-Mariñas coruñesas	5.436,3	-	-	6.543	-	99,2	-	1.013,3
Santiago meseta interior	5.271,5	-	-	5.878	-	-	-	-
Barbanza	4.738,4	982,9	982,9	11.269	142,9	-	-	-
Fisterra	6.834,7	-	-	12.909	81,1	-	-	-
Lugo	145.834,7	563,4	-	152.200,3	-	1.915,3	12.054,2	563,4
A Mariñá lucense	10.166,0	563,4	-	12.350	-	1.915,3	-	563,4
Fonsagrada-Os Ancares	68.005,1	-	-	69.350	-	-	12.054,2	-
Terra de Lemos	39.116,9	-	-	39.635	-	-	-	-
Lugo - Sarria	11.409,4	-	-	12.431	-	-	-	-
Terra Cha	17.137,3	-	-	18.434	-	-	-	-
Ourense	104.024,0	-	25.876,2	121.032,9	-	1.722,8	-	1.613,4
O Ribeiro - Arenteiro	1.949,2	-	-	4.093	-	-	-	-
Miño - Arnoia	5.662,4	-	-	6.746	-	-	-	-
Valdeorras - Trives	32.191,7	-	-	44.265	-	1.722,8	-	1.613,4
Verín - Viana	35.051,7	-	5.691,5	37.013	-	-	-	-
A Limia	29.169,0	-	20.184,7	28.915	-	-	-	-
Pontevedra	29.281,8	2.393,4	1.475,4	35.239,2	-	4.696,6	-	2.367,7
Deza - Tabeirós	13.781,5	-	-	13.813	-	-	-	-
O Condado - Paradanta	191,4	-	-	839	-	-	-	-
Vigo - Baixo Miño	5.434,7	-	1.475,4	5.749	-	990,3	-	-
Caldas - O Salnés	9.874,2	2.393,4	-	14.838	-	3.706,3	-	2.367,7
Galicia	324.654,8	7.665,7	37.722,0	369.056,5	611,4	11.863,0	12.054,2	9.283,7

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

3.5.12.
RESIDUOS SÓLIDOS

Ao longo do ano 2003 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia 1.676,6 miles de toneladas de **residuos urbanos** (selectivos e mesturados), o que representa un 6,5% do total estatal. Comparado co ano anterior, o **cadro 3.5.13.** indica unha medra do 1,6% no caso dos residuos urbanos recollidos en Galicia fronte aos 1,8% de media en España.

O volume de residuos mesturados permaneceu practicamente constante ao longo do ano 2003, acadando as 1.590,0 miles de toneladas (o 6,5% do total estatal). Pola contra, o volume de residuos urbanos recollidos selectivamente experimentou en Galicia unha taxa de crecemento do 21,4%, situándose nas 86,6 miles de toneladas, o que representa o 6,6% da media estatal. No conxunto do estado, a recollida de residuos mesturados creceu un 2,4% en tanto que o volume de residuos recollidos selectivamente descende un 7,1%.

Atendendo ao tipo de residuo producido, o **cadro 3.5.14.** amosa que no caso dos residuos urbanos domésticos recolléronse en Galicia un total de 578 quilogramos por habitante, sendo de 15,7 kg/hab. e de 12,9 quilogramos por habitante no caso do papel e cartón e do vidro. Galicia sitúase por riba da media estatal tanto no caso dos residuos domésticos coma no do papel e cartón e o vidro.

No concernente á xeración de **residuos na industria galega**, os **cadros 3.5.15. a 3.5.18.** reflicten que ao longo do ano 2003 (o derradeiro ano dispoñible) a industria xerou un total de 3.592,6 miles de toneladas, dos que o 83,3% (2.992,4 miles de toneladas) xeráronse nas industrias manufactureiras e un 16,6% (596,0 miles de toneladas), nas actividades da industria extractiva. No conxunto do Estado, as industrias extractivas xeraron o 52,0% dos residuos industriais, fronte ao 44,6% das industrias manufactureiras.

Recollida de residuos domésticos e públicos 2002-03: distribución segundo tipo de residuo

	2002		2003		03/02	
	Residuos mezclados	Res. recogidos selectivamente	Residuos mezclados	Res. recogidos selectivamente	Residuos mezclados	Res. recogidos selectivamente
	(toneladas)				(%)	
Andalucía	4.823.034	242.853	4.886.765	180.195	1,3	-25,8
Aragón	712.666	39.037	690.868	32.403	-3,1	-17,0
Asturias	681.944	43.621	638.236	41.002	-6,4	-6,0
Baleares	672.672	36.183	683.221	41.193	1,6	13,8
Canarias	926.088	89.147	1.134.851	59.900	22,5	-32,8
Cantabria	248.516	20.812	337.588	14.430	35,8	-30,7
Castela e León	1.116.505	44.816	1.252.855	50.906	12,2	13,6
Castela - A Mancha	982.375	66.610	953.850	52.866	-2,9	-20,6
Cataluña	3.971.251	222.030	4.080.480	245.458	2,8	10,6
Comunidade Valenciana	2.552.750	100.703	2.492.910	109.964	-2,3	9,2
Extremadura	525.559	34.363	519.634	18.623	-1,1	-45,8
Galicia	1.579.138	71.335	1.590.011	86.573	0,7	21,4
Madrid	2.966.401	261.897	3.079.600	208.502	3,8	-20,4
Murcia	629.136	32.075	643.860	36.795	2,3	14,7
Navarra	335.417	24.177	314.183	21.988	-6,3	-9,1
País Vasco	1.039.789	70.606	1.042.390	100.326	0,3	42,1
A Ríoxa	179.569	11.628	171.431	11.485	-4,5	-1,2
Ceuta e Melilla	72.343	5.294	71.174	4.519	-1,6	-14,6
Total	24.015.153	1.417.187	24.583.907	1.317.128	2,4	-7,1

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

3-5-13.

Residuos urbanos producidos nas CC.AA. 2002-03: distribución segundo tipo de residuo producido

	2003			2002		
	Domésticos	Papel e cartón	Vidrio	Domésticos	Papel e cartón	Vidrio
	(Kg. / hab. / ano)			(Kg. / hab. / ano)		
Andalucía	642	11,8	9,4	645	14,7	14,0
Aragón	562	14,2	9,9	657	16,0	12,2
Asturias	594	27,1	9,7	590	20,5	14,6
Baleares	721	24,4	18,5	734	21,1	17,1
Canarias	599	15,1	10,0	653	19,5	17,6
Cantabria	614	13,3	13,0	601	18,7	21,0
Castela e León	525	15,3	13,0	500	13,0	13,9
Castela - A Mancha	504	9,9	9,4	529	13,2	11,9
Cataluña	609	19,1	13,4	597	17,0	13,5
C. Valenciana	558	12,3	10,5	590	12,6	14,3
Extremadura	484	9,3	6,1	472	15,1	13,5
Galicia	578	15,7	12,9	527	12,9	15,0
Madrid	539	17,1	13,7	537	21,6	20,5
Murcia	507	13,7	9,3	513	14,3	10,2
Navarra	543	20,3	17,1	589	28,0	18,3
País Vasco	494	29,3	15,9	522	15,4	10,9
A Ríoxa	597	16,0	16,5	606	18,8	13,1
Ceuta e Melilla	496	14,5	9,8	500	16,6	11,6
Total	576	15,2	11,8	581	16,3	14,8

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

3-5-14.

Destino de residuos urbanos mesturados e recollidos selectivamente 2003: distribución segundo tipo de residuo

	Galicia			España		
	Total	Xestionados mesma empresa	Xestionados por outra empresa	Total	Xestionados mesma empresa	Xestionados por outra empresa
		Tratamento	Verquido		Tratamento	Verquido
				(en Tm.)		
Residuos mezclados	1.590.011	851.877	412.737	24.583.907	10.587.810	8.562.151
R. domésticos mezclados y públicos similares	1.555.321	842.997	400.390	24.163.199	10.537.929	8.347.355
R. domésticos voluminosos mezclados	34.690	8.880	12.347	420.708	49.881	214.796
Residuos recollidos selectivamente	166.908	104.774	957	3.002.795	1.235.562	362.572
Aceites usados	2.190	-	-	53.399	3.370	3
Caucho (neumáticos...)	2.405	216	-	24.930	7.462	5.538
Minerais	3.998	-	-	316.953	867	245.343
Pilas y Acumuladores	992	77	-	11.305	650	117
Papel y Cartón	43.143	33.159	-	679.594	308.104	-
Vidrio	35.407	21.125	-	503.064	123.081	-
Plásticos (agás embalaxes)	8.023	5.993	-	134.470	84.989	113
Metales	10.564	5.667	-	128.201	79.310	-
Madera	6.575	1.228	516	128.617	32.044	15.789
Envases mixtos	24.177	13.558	441	736.021	476.899	60.299
Residuos animais e vegetales	5.988	5.813	-	122.597	42.269	10.948
Roupa e residuos téxtis	183	181	-	1.879	1.409	21
Medicinas y productos químicos	2.200	-	-	52.593	-	2
Equipos desechados (electrodomésticos)	3.306	-	-	7.344	194	122
Vehículos fuera de uso	-	-	-	2.291	548	-
Outros	17.757	17.757	-	99.537	74.346	24.277

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

**Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas nas CC.AA.
2002-03: distribución segundo tipo de perigosidade**

	2002		2003		03/02	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(miles de toneladas)				(%)	
Andalucía	3.911,1	252,3	5.767,6	252,0	47,5	-0,2
Aragón	650,7	22,5	914,0	30,4	40,5	35,1
Asturias	10.720,2	20,2	9.477,3	101,7	-11,6	403,0
Baleares	113,4	0,3	11,6	1,7	-89,8	412,0
Canarias	74,1	1,7	137,1	8,1	85,1	387,5
Cantabria	311,0	20,1	295,2	31,2	-5,1	55,4
Castela e León	25.603,5	71,5	22.876,7	184,2	-10,7	157,5
Castela - A Mancha	645,1	16,2	1.601,1	27,1	148,2	67,4
Cataluña	4.759,3	505,5	4.654,2	607,4	-2,2	20,2
C. Valenciana	2.230,3	108,4	3.377,8	272,6	51,4	151,4
Extremadura	54,8	8,1	50,1	1,1	-8,5	-86,1
Galicia	4.038,0	64,3	3.521,7	70,9	-12,8	10,3
Madrid	1.006,5	72,8	1.027,5	100,0	2,1	37,4
Murcia	298,3	19,4	312,1	68,8	4,6	254,9
Navarra	463,3	65,3	864,2	63,6	86,5	-2,5
País Vasco	2.484,4	325,9	2.465,1	321,2	-0,8	-1,4
A Rioxa	100,7	1,3	51,2	3,6	-49,2	183,5
Total	57.464,7	1.575,5	57.404,6	2.145,4	-0,1	36,2

Fonte: INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

3.5.16.

Residuos xerados en Galicia e España 2003: distribución segundo tipo de residuo

	Galicia		España	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(en toneladas)			
Residuos químicos (1)	73	10.170	177.288	708.209
Aceites usados	-	2.838	-	143.912
Residuos preparados químicos	2.281	8.084	79.850	317.509
Outros residuos químicos	13.878	13.581	2.085.139	528.359
Residuos sanitarios e biolóxicos	1.471	4.389	13.247	24.518
Residuos metálicos	164.475	898	3.660.738	91.732
Residuos de vidro	67.156	2.011	430.486	2.646
Residuos de papel e cartón	33.534	-	1.223.502	-
Residuos de caucho	3.378	-	54.247	-
Residuos de plástico	9.956	-	337.983	-
Residuos de madeira	90.596	-	846.371	-
Residuos téxtis	7.712	-	105.424	-
Residuos desechados	470	132	9.606	18.626
Residuos animais e vexetais	106.301	-	3.355.037	-
Residuos correntes misturados	50.155	1.528	1.189.693	33.099
Lodos comúns	10.891	-	1.343.630	-
Residuos minerais e da construción (2)	2.864.089	8.823	38.849.074	64.810
Residuos da combustión	88.877	18.445	3.485.995	206.496
Residuos solidificados e vitrificados	6.445	-	157.247	5.497
Cantidade de residuos xerados	3.521.738	70.899	57.404.557	2.145.413

(1) non inclúe os aceites usados

(2) non inclúe os residuos da combustión

Fonte: INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

3.5.17.

3.5.18.

Residuos xerados nas industrias extractivas, manufacturais e enerxéticas en Galicia e España 2002-03: distribución segundo actividade económica e tipo de perigosidade

2002

	Galicia		España		Galicia/España	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(toneladas)					
Industrias extractivas	333.496	145	35.490.345	3.077	0,9	4,7
Industria manufacturaira	3.643.545	63.260	19.823.594	1.533.828	18,4	4,1
Productos alimenticios, bebidas e tabaco	167.086	1.014	3.402.003	18.912	4,9	5,4
Industrias do téxtil, da confección e curtido	16.243	35	317.412	4.607	5,1	0,8
Industrias da madeira e cortiza	40.415	509	218.287	3.946	18,5	12,9
Industrias do papel e edición	60.085	627	1.510.373	122.199	4,0	0,5
Coqueiras e refino do petróleo	-	-	37.292	46.548	-	-
Industrias químicas e do caucho	12.315	941	2.797.288	356.942	0,4	0,3
Metalurxia e outros produtos metálicos	1.289.004	43.006	5.466.359	735.305	23,6	5,8
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	1.875.615	6.675	4.548.389	40.131	41,2	16,6
Fabricación de material de transporte	173.478	9.109	905.351	126.381	19,2	7,2
Resto das actividades manufacturais	-	-	620.841	78.856	-	-
Producción e distribución de enerxía eléctrica	60.964	883	2.150.794	38.634	2,8	2,3
Total	4.038.004	64.288	57.464.734	1.575.538	7,0	4,1

2003

	Galicia		España		Galicia/España	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(toneladas)					
Industrias extractivas	596.019	413	30.838.995	113.874	1,9	0,4
Industria manufacturaira	2.923.144	69.304	24.471.874	2.005.832	11,9	3,5
Productos alimenticios, bebidas e tabaco	-	-	4.768.866	75.436	-	-
Industrias do téxtil, da confección	-	-	196.539	105.799	-	-
Industria do coiro e do calzado	-	-	72.194	1.393	-	-
Industrias da madeira e cortiza	-	-	605.299	6.415	-	-
Industrias do papel, edición e artes gráficas	-	-	2.063.720	135.303	-	-
Refino do petróleo e trat. Residuos nucleares	-	-	122.816	62.300	-	-
Industria química	-	-	3.350.371	422.159	-	-
Industria de transformación do caucho e mat. Plásticas	-	-	265.001	48.403	-	-
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	-	-	5.174.680	149.007	-	-
Metalurxia e outros produtos metálicos	-	-	5.673.744	753.962	-	-
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	-	-	295.465	16.525	-	-
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	-	-	144.896	38.834	-	-
Fabricación de material de transporte	-	-	1.497.855	169.995	-	-
Resto das actividades manufacturais	-	-	240.428	20.302	-	-
Producción e distribución de enerxía eléctrica	2.575	1.182	2.093.688	25.706	0,1	4,6
Total	3.521.738	70.899	57.404.557	2.145.412	6,1	3,3

Fonte: INE. Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

Indicadores de residuos a 31 de decembro de 2005

Indicador	Unidade	
Municipios con recollida selectiva implantada		
adheridos a ECOEMBES		301
adheridos a ECOVIDRIO		186
Recollida selectiva de vidro (Ecovidrio)		
Contenedores		9.117
residuos recollidos	(en toneladas)	32.015,8
Residuos tratados no complexo de SOGAMA en Cerceda (non reciclables)	(Toneladas anuais)	820.780
Concellos adheridos ao Plan Sogama para a xestión de residuos non reciclables		274

Fonte: Consellería de Medio Ambiente

3.5.19.

En relación ao recollido no ano anterior, o volume de residuos industriais reduciuse un 12,4% en Galicia, influenciado pola caída dos residuos no conxunto da industria manufacturera e das actividades de produción e distribución de enerxía eléctrica. Canto ao comportamento dos principais residuos, a principal caída contabilízase no caso dos residuos de lodos comúns, cun descenso de 1.108,3 miles de toneladas, mentres que a principal medra foi a de residuos minerais e da construción (agás os residuos da combustión), cun incremento de 869,2 miles de toneladas.

Dos 3.592,6 miles de toneladas de residuos xerados ao longo de 2003 (o 6,0% das toneladas recoillidas de media en España), un total de 3.521,7 miles de toneladas teñen a consideración de non perigosos (o 6,1% dos residuos “non perigosos” do conxunto do Estado) e os restantes 70,9 miles de toneladas se clasifican como “perigosos” (o 3,3% dos residuos estatais). Comparado co ano anterior, mentres que no conxunto do Estado a xeración de residuos non perigosos permanece practicamente constante, na comunidade galega descendeu un 12,8%. Pola contra, a xeración de residuos perigosos medrou un 10,3%, sendo esta porcentaxe do 36,2% no conxunto da industria española.

O devandito **cadro 3.5.17** reflicte que en 2003, ao igual que no ano anterior, os residuos minerais e da construción acollen o maior volume de residuos non perigosos xerados, con 2.864,1 miles de toneladas (o 81,3% do total de residuos non perigosos en Galicia). Séguenlle en importancia, no que ao volume se refire, os residuos metálicos, con 164,5 miles de toneladas (o 4,7%). Pola contra, no caso dos residuos perigosos, salientan os residuos de procesos químicos, que en conxunto, xeraron un total de 34,7 miles de toneladas (o 48,9% dos residuos perigosos).

Finalmente, cómpre salientar que o número de empresas adheridas aos sistemas integrados de xestión Ecovidrio e Ecoembes foi de 186 e 301, respectivamente. No último ano, o número de concellos afiliados ao Plan Sogama para a xestión de residuos non reciclables foi de 274 (42 máis que no ano anterior), ascendendo o volume total de residuos (**cadro 3.5.19.**).

EFECTOS DA CONTAMINACIÓN AMBIENTAL SOBRE A SAÚDE

A importancia dun apartado dedicado aos efectos da contaminación ambiental radica en que esta é responsable de enfermidades coma as afeccións respiratorias ou a toxicidade relacionada coa calidade da auga.

No que fai referencia ás enfermidades de transmisión hídrica, os datos recollidos no **cadro 3.3.3. [Enfermedades de declaración obrigatoria 2004-05]** amosan unha caída do número de casos de febre

tifoidea e paratifoidea, permanecendo constante o de disentería bacilar. No último ano, no que á febre tifoidea e paratifoidea se refire, Galicia experimentou un total de 0,4 casos por cada 100.000 habitantes, cando en 2004 esta taxa era de 0,8 casos. No caso da disentería bacilar, esta taxa permaneceu nos 0,1 casos por cada cen mil habitantes.

Relacionado coas enfermidades provocadas pola contaminación atmosférica, cómpre facer referencia ao nivel de pole no aire, segundo causante de alerxias que afectan ao aparato respiratorio. Segundo os datos da Rede galega de aerobioloxía, en 2005 houbo un total de 64.666 grans de pole por metro cúbico de aire, sendo os captadores máis importantes en canto ao volume de grans por metro cúbico, Ourense e Vigo, con 20.966 e 18.127 grans/m³, respectivamente. No que ás especies se refire, destacan pola súa presenza, o bidueiro, as gramíneas e as estrugas. ■